



**VIAXE**  
AO REINO DAS  
**EMOCIONS**





Fundación Meniños

Tel.: 902 220 707

[www.meninos.org](http://www.meninos.org)

[www.mundodemilu.org](http://www.mundodemilu.org)

**Edita:**

Fundación Meniños

©Todos os dereitos reservados

Avda. de Cádiz 5, 2º Izquierda - 15008 A Coruña

Tfno.: 981 269 955 / Fax: 981 256 003

[proxectos.educativos@meninos.org](mailto:proxectos.educativos@meninos.org)

**Autora do texto:**

Diana Rodríguez Losada

Técnica de Proxectos Educativos e Preventivos

**Deseño e maquetación:**

ekinocio comunicación

**Impresión:**

Lugami, Betanzos (A Coruña)

**Depósito legal:**

C 000000000

O pequeno dragón Draco estaba xogando no seu castelo co seu amigo Durco, cando este lle quitou o xoguete que estaba a utilizar. Draco enfadouse moito, notou como a calor o invadía, e foise poñendo cada vez máis e máis vermello.

O lume subiu pola súa gorxa, e cando máis enfadado estaba berrou: “non quero volver a xogar contigo nunca máis!” e saíulle unha enorme labarada que queimou o seu xoguete favorito.

Pero isto Draco non o viu, porque do enfado tan grande que tiña, pechara moi forte os ollos ao gritar, e cando os abriu... non estaba o seu amigo, non estaba o seu tesouro nin o seu castelo...



Estaba nun bosque que non coñecía. Draco non entendía nada, xa non estaba enfadado, pero sentíase triste e quería volver á súa casa. Achegóuselle unha rapaza e díxolle:

- Ola! Benvido ao bosque Aloia, eu son a fada Andreia, e ti quen es?

Draco mirouna con desconfianza, reparando por primeira vez en que tiña ás, e contestoulle:

- Eu son Draco, e non entendo que fago aquí... estaba no meu castelo, pero pechei os ollos e aparecín aquí.

- Ninguén aparece neste bosque por casualidade... Que estabas facendo cando pechaches os ollos?

Draco baixou a vista, un pouco avergoñado:

- Estaba discutindo co meu amigo por un xoguete.

- Xa entendo! E iso pásache moi a miúdo?

- Non... Boh! Si, ás veces... Pero é que non o podo evitar! Cando me enfado súbeme esa calor por todo o corpo, e boto lume pola boca. É o que facemos os dragóns, non?

- Si, os dragóns podedes botar lume pola boca, pero se che sae cando estás enfadado pódesslle facer dano a alguén ou queimar algo.

- É verdade... O meu amigo non estaba cerca, pero o meu boneco si... Ai, seguro que o chamusquei! Eu non quero queimar os meus xoguetes nin facerlle dano aos meus amigos. Que podo facer?

- Para iso estás aquí, para que non volva ocorrer. Vouche axudar a entender por que reaccionas así, e atoparemos a maneira de que non pase de novo. Para empezar, creo que deberías coñecer ao meu amigo Sabio.



Camiónaron por un sendeiro do bosque, ata chegar a unha cabana rodeada de altos carballos onde lles esperaba un home moi vello, de branca barba e voz grave, que os mirou cun sorriso e saudounos:

- Bos días e benvidos! En que vos podo axudar?
- Bos días Sabio! Veño acompañada do dragón Draco, que hoxe apareceu no Aloia por enfadarse cun amigo.
- De acordo. Draco, soamente che vou facer tres preguntas que quero que penses ben:

★ **Cando te enfadas?**

★ **Que fas cando te enfadas con alguén?**

★ **Que poderías facer en lugar de discutir cos demais?**

Tes que contestarme de forma sincera, porque do contrario non poderás seguir avanzando para chegar á casa.

- Pois... a verdade é que me enfado bastante a miúdo... cando non me gusta a comida, cando me obrigan a deixar de xogar co tesouro para ir durmir, cando teño que compartir os xoguetes... E cando me enfado póño-me vermello e berro... e ás veces tamén empurro aos demais e sáeme lume pola boca.
- Moi ben Draco -dixo Andreia- sabes ben como reaccionas, e recoñecer as propias emocións é importante... pero sabes que podes facer en lugar de discutir cos demais?
- Non sei... Podería intentar enfadarme menos... pero é que me sae ser así... non sei moi ben cómo cambiar...-Draco baixou a vista, sentíase triste.
- Tranquilo Draco, que no Aloia vas atopar ideas para poder actuar doutra maneira cando te enfades.

